

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 27/05/2021**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/05/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de abril de 2021.
- 2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes abril de 2021.
- 3.- Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía de aprobación da liquidación do Orzamento do Concello correspondente ao exercicio de 2020 e da Fundación de Deportes.
- 4.- Toma de coñecemento do informe de resumo anual de control interno do Concello, emitido pola Intervención Municipal correspondente ao exercicio 2020.
- 5.- Aprobación, se procede, do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 02/ REC/2021.
- 6.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila, para a elaboración dun Plan Municipal de Transición Enerxética e a activación da Economía Verde.

8.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, para instar ao Goberno Local a tomar medidas para a Humanización do Barrio dos Duráns.

9.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG, polo mantemento dos servizos financeiros no Concello de Vilagarcía de Arousa e en contra do peche das oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoán

10.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

11.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

12.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

13.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE ABRIL DE 2021.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de 29 de abril de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as

presentes no Pleno (20 de 21) queda aprobada a acta da sesión anterior de data 29 de abril de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2021: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía no mes de abril de 2021:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación gasto publicación plan personalizado de pagos
- 3 Aprobación pregos de contratación
- 5 Expediente de modificación de crédito por transferencia
- 1 Expediente de modificación de crédito por xeración
- 1 Liquidación Orzamento 2020
- 1 Subsanación resolución anuncio plan personalizado de pagos
- 2 Certificado dixital
- 6 Licenza de animais potencialmente perigosos
- 31 Resolución primeiras alegacións ordinario
- 1 Desguace vehículos
- 1 Designación letrado expte. Sancionador
- 1 Aboamento domingos, noites e festivos
- 1 Aprobación lista definitiva TAX (A2)
- 1 Bases promoción interna Grubo B-Técnico Informática
- 1 Modificación posto encargado Medio Ambiente
- 1 Modificación posto Xefe do Servizo de Persoal e Recursos Humanos
- 3 Nomeamento Substitución baixa IT
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 2 Gratificación substitución posto de categoría superior
- 1 Vacacións conserxes colexios 2021
- 1 Comunicación expte. Sancionador
- 1 Recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 1 Desestimación rateo no IVTM
- 2 Estimación IAE
- 9 Estimación beneficios fiscais IVTM
- 3 Estimación IIVTNU.
- 9 Estimación Taxas e Prezos Públicos
- 1 Estimación baixa no Censos de Taxas e Prezos Públicos
- 23 Estimación/desestimación compensación de débedas
- 6 Estimación recibos
- 8 Estimación IBI
- 10 Estimación liquidacións e baixas
- 28 Estimación pagos duplicados
- 2 Comisións bancarias
- 5 Pago expediente Intervención
- 5 Préstamo bancario
- 8 Pago expedientes Tesourería
- 1 Pago axudas emerxencia social e outros
- 1 Arquivo Comunicación previa
- 7 Comunicación cambio de titularidade actividade
- 3 Comunicación apertura de establecemento
- 11 Deber de conservación
- 15 Reposición da legalidade urbanística
- 9 Instalación de terraza vinculada a establecemento de hostalería
- 2 Prórroga execución de obras

- 1 Renuncia a obras de canalización
- 1 Arquivo de expediente por duplicidade
- 1 Licenza para cambio de uso administrativo a vivenda
- 1 Renuncia a tramitación de comunicación previa
- 1 Licenza para colocación de guindastre
- 3 Legalización de obras
- 1 Licenza para vao permanente
- 2 Licenza para obras de ampliación de rede eléctrica
- 1 Ineficacia de comunicación previa
- 2 Licenza para instalación fotovoltaica
- 3 Licenza de primeira ocupación e/ou acometidas de auga e/ou saneamento
- 6 Licenza para realización de obra menor
- 38 comunicación previa
- 1 Licenza de segregación
- 3 Licenza de obra maior

TOTAL: 304

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCION DE APROBACION DA LIQUIDACION 2020 DO CONCELLO E DA FUNDACION DE DEPORTES. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de maio de 2021, do seguinte teor:

Dase conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

Vistos os Informes da Intervención municipal, INT/2021/160-1 e INT/2021/160-2 referidos á liquidación dos orzamentos municipais para o exercicio 2020, así como os da Intervención delegada da Fundación de Deportes.

Visto que en ditos informes se deixa constancia do cumprimento dos obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, así como da regra de gasto.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ó exercicio económico de 2020, segundo o seguinte detallado

Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	29.642.282,19
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	28.510.880,37
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.131.401,82
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	43.508,03
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.700.000,00
Total dereitos recoñecidos	31.385.790,22
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	

a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	28.570.955,80
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap I a IV)	25.206.339,40
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap VI e VII)	3.364.616,40
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	42.508,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	1.034.408,91
Total obrigas recoñecidas	29.647.872,71
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.737.917,51
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	449.881,30
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.717.265,05
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.570.584,65
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.334.479,21

Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	8.634.262,21
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	13.265.711,31
2.a. Do orzamento corrente	4.255.046,74
2.b De orzamentos pechado	11.386.198,11
2.c De operacións non orzamentarias	17.989,97
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	2.393.523,51
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	6.291.475,97
3.a. Do orzamento corrente	2.106.202,12
3.b. De orzamentos pechados	74.921,03
3.c. De operacións non orzamentarias	4.119.155,34
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	8.802,52
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	15.608.497,55
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	8.147.120,28
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.791.413,27
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.669.964,00

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ó exercicio económico de 2020, aprobada e proposta polo seu Presidente, segundo o seguinte detallado:

Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.069.836,43
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.040.836,43
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	29.000,00
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	1.069.836,43
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.063.314,24
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap I a IV)	985.439,26
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap VI e VII)	77.874,98
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	1.063.314,24
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	6.522,19

AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	6.522,19

Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	67.151,54
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c - 2.d)	350.470,17
2.a. Do orzamento corrente	329.000,00
2.b De orzamentos pechado	21.470,17
2.c De operacións non orzamentarias	0,00
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	151.589,87
3.a. Do orzamento corrente	136.911,63
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14
3.c. De operacións non orzamentarias	12.152,10
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	266.031,84
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	21.470,12
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	244.561,72

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE RESUMO ANUAL DO CONTROL INTERNO EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2020. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de maio de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Intervención Municipal, no que se expón as seguintes conclusións e recomendacións:

III.CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

A continuación expóñense, segundo a actuación da que proceden, os resultados máis significativos que a xuízo desta intervención han de ser tomados en consideración integrando as conclusións e recomendacións da Intervención delegada da Fundación de Deportes:

A) Función Interventora

A.1) CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

1.-As nóminas non se remiten á Intervención municipal con suficiente antelación para unha correcta fiscalización previa limitada e a documentación remitida é en soporte papel o que implica unha contabilización manual da mesma.

Reprodúcese a Recomendación recollida no informe resumen anual do exercicio 2019: Do mesmo xeito que se realiza para o pago, que polo Departamento de RRHH se faga uso da posibilidade prevista na aplicación de nóminas, de elaborar un ficheiro para a contabilización que sexa remitido ao Departamento de Intervención cunha antelación suficiente para a súa

fiscalización previa limitada e en todo caso simplifique os labores de contabilización que actualmente se realiza manualmente, o que contribúe negativamente na acumulación de tarefas do Departamento.

2.-No exercicio 2020 tramitáronse expedientes de gastos mediante a modalidade de contrato menor que se deberían de contratar conforme os procedementos previstos na LCSP onde se garanta a publicidade e concorrencia, no que se obviou totalmente o procedemento legamente establecido.

Reprodúcese a Recomendación recollida no informe resumen anual do exercicio 2019: Tramitar as contratacións ordinarias de servizos e subministracións vinculados con servizos básicos, conforme a LCSP, dando prioridade á súa regularización.

No caso de que os medios humanos e materiais non sexan suficientes, deberase estudar a posibilidade de reforzar o persoal municipal do Departamento de Contratación ou na súa falta acudir a contratacións externas.

3.- Demoras na execución dos contratos.

Reprodúcese a Recomendación recollida no informe resumen anual do exercicio 2019: Reforzar as obrigacións dos directores de obra a este respecto deixando claras as súas obrigacións como parte integrante do contrato de servizos que lle sexa adxudicado. En caso de incumprimento dos contratos por causas imputables ao contratista, deberanse esixir as penalidades por demora previstas nos Pregos de Cláusulas Administrativa Particulares.

5.- Debe regularizarse a situación xurídica da Fundación Fexdega. Reprodúcese a Recomendación recollida no informe resumen anual do exercicio 2019: Regularizar a situación xurídica da Fundación con carácter urxente procedendo á súa disolución e en todo caso.

En tanto non se disolva a fundación, formalizar un contrato de alugueiro para o espazo ocupado polas oficinas da Fundación de Deportes e que pola Fundación Fexdega contrátase a súa propio persoal que xestione o uso das súas instalacións, (autorizacións, ingresos,... etc).

A.2) FUNDACIÓN DE DEPORTES

É necesario tramitar as licitacións correspondentes para contratos vencidos e que se están a levar a cabo mediante contratos menores de carácter continuo e repetitivo.

Expedientes DEPORT/2020/000079 e 411.Recoméndase tramitar contratos para gastos de carácter continuo e repetitivo, tales como actuacións fitosanitarias en instalacións deportivas.

Expediente DEPORT/2020/000335, 358 e 373.

B) Control Permanente

B.1) CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

De conformidade co recolleito no artigo 35 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos. Devanditos informes, que terán a estrutura, contido e tramitación fixados nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola IGAE, expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control, e indicarán as deficiencias que deban ser emendadas.

Pola Intervención Municipal o 16/11/2020 foi elaborado un Plan Anual de Control Financeiro para o período 2020-2021 con proxección práctica para 2021.

No exercicio 2020, non se confeccionaron informes periódicos polas limitacións derivadas do Estado e Alarma xa explicadas.

B.2) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Procede dotar crédito para o reforzo da área administrativa do OOAA tal e como se sinala nos informes emitidos con ocasión do Informe resumen anual sobre o control interno do exercicio 2019 que figura en expediente da Conta Xeral do 2019 (INT/2020/000272) e do informe do Plan anual de control financeiro 2020-2021 (INT/2020/000587).

C. Auditoría Pública

A auditoría Pública do organismo autónomo dependente a Fundación de Servizos públicos Deportivos 2020 atópase en estado de execución.

IV.- DEFICIENCIAS A CORRIXIR QUE REQUIRAN PLAN DE ACCIÓN.

Á vista das conclusións e deficiencias recollidas no presente informe, de conformidade co

disposto no artigo 38 do RD 424/2017 resulta preceptiva a formalización dun Plan de Acción, (PA) pola Alcaldía no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do presente informe resumo ao Pleno da Corporación.

Con todo, o Plan de Acción aprobado por Resolución de Alcaldía do 30 de outubro de 2020, valorado por esta Intervención e do que se deu conta ao Pleno, establecía un marco temporal de acción que incluía o exercicio 2021, polo que non se considera necesario a aprobación dun novo Plan de Acción, entendéndose cumprida dita obrigaón.

V.- VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

Non existe Plan de Acción do exercicio 2019.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO Nº 02/REC/2021.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de maio de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extrajudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2021, contidos na relación F/2021/22 correspondentes a contratos menores de submnisitros e servizos así como contratos privados realizados nos exercicios 2018, 2019 e 2020, que tiveron entrada no presente exercicio 2021, que pola súa temporalidade non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento.

2. Acordo de XGL de 26/04/2021 no que se acordou aprobar a indemnización a aboar pola cesión temporal do quiosco situado na rúa Arcebispo Lago durante o ano 2020.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de facturas F/2021/22 por importe de 98.886,24€, anexa á providencia de alcaldía, así como na aplicación 929-22699 por importe de 1.875,00€ para a imputación do gasto pola indemnización a aboar pola suspensión do contrato de conceisón do quiosco situado na rúa Arcebispo Lago durante o ano 2020, e que fan un importe total de 100.761,24€ .

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extrajudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores.

Logo de ver os informes favorables dos servizos.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos de competencia plenaria para a aprobación das referidas relacións de xustificantes de gasto e da indemnización por suspensión d e contrato de concesión, propoño o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PROPÓN:

Aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos Nº 02/REC/2021, para as facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS Nº D/2021/3 anexa á providencia de

alcaldía, por un importe global de 100.761,24€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/20201.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/2021, para as facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2021/3 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 100.761,24€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de intervención de D. José Luis Mariño Araújo, en representación das veciñas e veciños afectados polo peche da oficina de ABANCA de Vilaxoán en relación coa Moción presentada polo grupo político municipal do BNG polo mantemento dos Servizos Financeiros no Concello de Vilagarcía de Arousa e en contra do peche das Oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoán, que figura co nº 9 na Orde do Día do Pleno.

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a debatir a continuación , o asunto que figura co nº 9.

A continuación intervén o Sr. Mariño Araújo para expoñer as reivindicacións ddas veciñas e veciños de Vilaxoán.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLO MANTEMENTO DOS SERVIZOS FINANCIEROS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E EN CONTRA DO PECHE DAS OFICINAS DE ABANCA DE CARRIL E VILAXOÁN. Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 26 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 26 de abril de 2021, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do BNG Vilagarcía de Arousa, a iniciativa da súa Portavoz Lucía César Veloso, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte MOCIÓN POLO MANTEMENTO DOS SERVIZOS FINANCIEROS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E EN CONTRA DO PECHE DAS OFICINAS DE ABANCA DE CARRIL E VILAXOÁN.

Exposición de motivos

Vimos de coñecer con abraio a decisión de ABANCA de pechar as súas oficinas de Carril e de Vilaxoán, limitando deste xeito o acceso aos servizos financeiros dos veciños e veciñas.

É sorprendente como unha entidade de banca privada que presentou en 2019 uns beneficios de 405 millóns de euros, e que no 2020, en plena crise COVID, mantivo beneficios por un total de 160 millóns de euros, pretenda seguir a facer negocio a costa da perda de servizos para a súa veciñanza, reducindo o emprego e as condicións laborais do persoal traballador e derivando aos usuarios e usuarias a unha dixitalización imposta pola entidade.

Non podemos aceptar este xeito de proceder da entidade que, lembremos, procede do rescate das caixas de aforros galegas. Un rescate que todas as galegas e galegos sufragamos con 9.000 millóns de euros de cartos públicos. Nunha actuación absurda e interesada por parte do presidente e do goberno da Xunta de Galiza que desbotaron a única solución admisible: a creación dunha banca pública galega.

Pois ben, en pago a ese apoio público, ABANCA decide agora reducir o número de sucursais no noso país, incluíndo nese peche as oficinas de Carril e Vilaxoán.

O maltrato desta entidade con Vilagarcía é manifesto xa que xa se pecharon con anterioridade varias oficinas nesta vila.

E agora, atopámonos con que pretenden centralizar todos os servizos de atención persoal da oficina de Carril na Praza de Galiza e a da oficina de Vilaxoán en Dr. Tourón.

Esta situación conleva:

A perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais do persoal traballador que se manteña na plantilla (traslados obrigatorios, maior sobrecarga de traballo, etc.)

A concentración de todas as persoas usuarias nas oficinas da Praza de Galiza e Dr. Tourón, que provocará un déficit importante na atención ao público ao xerar grandes colas de agarda.

A implantación dun horario de atención reducida ao público que só se estenderá ata as 11:00h.

A canalización dos trámites básicos cara a servizos bancarios dixitais, converténdose estes nunha ferramenta obrigada para as persoas usuarias.

O desamparo dun sector importante da poboación, sen competencias dixitais axeitadas, que non poderá xestionar os seus trámites a través da banca electrónica, especialmente as persoas de maior idade.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG de Vilagarcía propón ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Rexeitar de xeito contundente o peche das oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoán, esixindo a permanencia das mesmas con atención persoal presencial.
2. Apoiar as mobilizacións que persoas traballadoras e usuarias leven a cabo para evitar o peche das sucursais.

3. Esixir ás entidades bancarias o mantemento dun horario de atención persoal presencial de 9 a 14 en todas as súas oficinas.
4. Esixir o mantemento de todos os postos de traballo e a mellora das condicións laborais do persoal, que lle permitan prestar unha atención persoal axeitada.
5. Trasladar estes acordos á entidade ABANCA.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG polo mantemento dos Servizos Financeiros no Concello de Vilagarcía de Arousa e en contra do peche das Oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoan.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Rexeitar de xeito contundente o peche das oficinas de ABANCA de Carril e Vilaxoán, esixindo a permanencia das mesmas con atención persoal presencial.
2. Apoiar as mobilizacións que persoas traballadoras e usuarias leven a cabo para evitar o peche das sucursais.
3. Esixir ás entidades bancarias o mantemento dun horario de atención persoal presencial de 9 a 14 en todas as súas oficinas.
4. Esixir o mantemento de todos os postos de traballo e a mellora das condicións laborais do persoal, que lle permitan prestar unha atención persoal axeitada.
5. Trasladar estes acordos á entidade ABANCA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE TRANSICIÓN ENERXÉTICA E A ACTIVACIÓN DE ECONOMÍA VERDE.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de maio de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 26 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 18 de maio de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de maio, a seguinte moción:

Moción para a elaboración dun plan municipal de transición enerxética e a activación de economía verde.

Transcorrido máis dun ano dende o inicio da pandemia e coa vacinación en marcha de tal modo que, con prudencia, xa comezamos a ver a fin desta situación, é importante realizar distintas reflexións e iniciar procesos que nos preparen para o que está por vir. A COVID 19 levounos a unha crise socioeconómica sen precedentes e está xerar moitas incertezas na poboación respecto ao futuro. Nese senso, as institucións deben estruturar a súa acción de goberno sobre a premisa do diálogo, a información, e a explicación das propostas con claridade, contrarrestar un posible pesimismo tanto na sociedade como nos sectores económicos que dificulte a saída da crise. Dende o Goberno do Estado dispuxéronse unha serie de medidas paliativas (entre as que se encontran os ERTES, os cese de actividade, as axudas directas, as liñas de crédito, o IMV, a prohibición dos desafiuzamentos e cortes de subministración, en definitiva, as que se incorporaron ao denominado "escudo social") que o que pretendían era conter unha crise cuxos efectos poderían ser devastadores. Demostrouse así que existía unha vía para saír da crise diametralmente oposta á escollida a raíz da crise de 2008, na que as consecuencias sufríronas as clases traballadoras coa precarización e perda de dereitos laborais. Agora, púxose no centro do debate a necesidade dunha saída xusta da crise que non deixe a ninguén atrás.

O Goberno do Estado leva meses presentando propostas co fin de activarse cando a curva da pandemia e o proceso de vacinación abran un horizonte de recuperación. A isto responden propostas como o "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" que, co amparo do novo "Fondo de Recuperación Next Generation", deseñan a folia de ruta para a modernización da economía española. Modernización que pasa necesariamente por levar a cabo as transformacións que require a transición ecolóxica que poña freo ás consecuencias do impacto que o desenrolo das nosas sociedades teñen no medio e nos recursos naturais.

Coincide isto ademais coa aprobación da Lei de Cambio Climático que debe sentar os marcos para unha transición enerxética xusta e un novo contrato verde baseado nun modelo socioeconómico sostible e respectuoso co medio natural, os recursos dos territorios e a poboación que habita os mesmos. O propio texto da lei recolle no seu artigo 25:

"El despliegue de las energías renovables debe llevarse a cabo de manera compatible con la conservación del patrimonio natural y la adecuada ordenación territorial. Para ello, perseguirá revertir parte de la riqueza que genera en el territorio para activar su economía y combatir el declive demográfico."

Entre as medidas que expón a lei, inclúense diferentes obxectivos de penetración das enerxías renovables, a transición cara un parque de vehículos sen emisións directas de CO₂, a creación dunha rede de puntos de recarga, a facilitación da instalación de fotovoltaicas de autoconsumo, así como medidas que impulsen a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, entre outras.

Ademais, paralelamente a esta lei ou ao "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", iranse desenvolvendo diferentes plans que faciliten a implantación e consecución de obxectivos dos mesmos, como é o caso do Plan MOVES III que incentiva a renovación do parque de vehículos e a instalación de puntos de recarga, ou diferentes medidas fiscais para impulsar esta transición verde.

Podemos aposta porque os Concellos teñan voz e capacidade de acción na transición ecolóxica, para que esta se adapte ás súas diferentes realidades e ademais supoña unha oportunidade de desenvolvemento económico de maneira distributiva entre a veciñanza, xerando riqueza e fomentando a autonomía enerxética dos municipios. Se non temos unha actitude activa, non faremos a transición enerxética, faránola, co que iso supón.

É importante deseñar unha estratexia de cooperación co tecido económico e veciñal para lograr unha implicación dos diferentes actores da nosa vila. Ademais, os concellos deben ter un papel facilitador, actuando como un elemento de captación das múltiples subvencións que se poñan en marcha das diferentes administracións, actuando de enlace, informando das diferentes opcións e creando incentivos propios, incluíndo nas ordenanzas fiscais criterios que favorezan a transición enerxética, no caso de Vilagarcía continuando coa liña de descontos existentes no IBI en relación a instalación de placas fotovoltaicas, incluíndo tamén o IVTM e fomentando así a renovación do parque móbil.

Trátase, en definitiva, de deseñar unha estratexia de transformación a medio/ longo prazo que nos permitirá encamiñarnos cara unha transición verde que xere riqueza, polo que debería ser un dos piares do plan de reactivación económica municipal. Ademais de facilitar o cumprimento dos obxectivos relativos ao Pacto de Alcaldías polo Clima, recentemente asinado polo Concello de

Vilagarcía de Arousa, que establece un prazo de dous anos para a elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación os seguintes

ACORDOS

1. A corporación municipal manifesta o seu compromiso cos obxectivos fixados pola Lei de Cambio Climático e, tal e como sinala o punto 25 da lei, traballará para que o despregue das renovables no ámbito territorial municipal se realice de maneira compatible co mesmo e reverta na xeración de riqueza e a activación da economía.

2. A corporación municipal insta ao Concello de Vilagarcía a deseñar un plan municipal de transición enerxética e activación de economía verde baseado, como mínimo, nos seguintes puntos:

I. A creación dunha oficina municipal para a transición ecolóxica co fin de asesorar a empresas e particulares dos beneficios da implantación de enerxías renovables para o autoconsumo.

II. A elaboración dun estudo para a implantación de placas fotovoltaicas nos edificios municipais e nos dependentes doutras administracións co fin de traballar sinerxías que permitan o aproveitamento destes espazos para a xeración de enerxía limpa .

III. Transición do parque móbil de vehículos municipais cara o uso de vehículos de emisións cero.

IV. A creación dun programa municipal de rehabilitación de vivenda e renovación urbana enfocado a comunidades de veciños e particulares que teña en conta a vulnerabilidade das familias con menos recursos á hora de establecer os incentivos do mesmo.

V. O fomento de comunidades enerxéticas e outras figuras que dinamicen a participación das comunidades locais e as iniciativas de autoconsumo.

VI. Favorecer a instalación de puntos de recarga eléctricos no termo municipal.

VII. A inclusión de incentivos nas ordenanzas fiscais que premien os esforzos da veciñanza en materia de transición tanto relativas ao parque móbil como na adaptación das vivendas.

VIII. Incluír esta estratexia no Plan de Promoción e Recuperación Económica Vilagarcía 21.

3. O Concello de Vilagarcía solicitará ás distintas administracións o financiamento e subvencións pertinentes para o desenvolvemento dos distintos puntos desta estratexia ademais da reserva de fondos propios nos orzamentos anuais para a súa gradual implantación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos - Marea da Vila para a elaboración dun Plan Municipal de Transición Enerxética e a activación de economía verde.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), Vilagarcía en Común (1), Podemos - Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e trece votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e BNG (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a elaboración dun Plan Municipal de Transición Enerxética e a activación de economía verde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A TOMAR MEDIDAS PARA A HUMANIZACIÓN DO BARRIO DOS DURÁNS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de maio de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de maio de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de maio de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Instar ó goberno local a tomar medidas para a humanización do barrio dos Duráns"

EXPOÑEN

Os Duráns é o barrio máis céntrico de Vilagarcía de Arousa e onde é preciso acometer unha serie de actuacións urxentes e diversas que teñan como obxectivo mellorar a vida dos veciños desa zona. É necesario levar a cabo medidas encamiñadas á mellora da accesibilidade, a seguridade viaria e a comodidade que faciliten o tránsito de persoas e vehículos en todas as súas rúas.

Se se fai un percorrido pola Rúa Aquilino Iglesias, continuando pola Rúa Eduardo Condal e o resto de rúas (Otero Pedrayo, Curros Enríquez con saída por Pablo Iglesias e a Rúa Pascual Veiga) poderase comprobar que todas comparten os mesmos problemas. Non só hai saídas de rúas con mala visibilidade – co seu consecuente risco para a seguridade viaria – senón que tamén se poden citar numerosos problemas de estruturación urbana.

Por unha banda, beirarrúas estreitas con desniveis e ramplas pronunciadas; ademais de mal conservadas (presenza de maleza, bordos que faltan, anacos de formigón non retirados, etc.). A isto hai que sumarlle a mala localización de postes de sinais ou de luz que dificultan o paso de cadeiras de bebés ou minusválidos. Doutra banda, conséntase a insuficiencia de contedores do lixo e o mal estado de conservación dos existentes, coa consecuente acumulación de diferentes tipos de lixo (colchóns e todo tipo de material voluminosos) ao seu redor.

Tamén hai outros problemas máis específicos e nos que o Concello debería involucrarse máis, como é o valado de tres edificios – en Eduardo Pondal esquina Curros Enríquez, en otero Pedrayo esquina Curros Enríquez e en Pablo Iglesias – pola caída de cascotes á rúa. Moitos destes valados levan

meses instalados e provocaron o corte dun dos carrís de tráfico, polo que a rúa ten actualmente un único sentido e isto dificulta notablemente o desprazamento de vehículos.

En último lugar, recordar outro tema xa en coñecemento deste Pleno, que é o lamentable estado da amplamente transitada Travesía de Marxión.

Todo isto provoca que o barrio dos Duráns teña un aspecto propio dun lugar olvidado polas autoridades locais e cunha imaxe máis propia do século pasado. Aínda que o Concello levou a cabo en febreiro de 2019 unha reforma dunha beirarrúa na Rúa Os Duráns, só se fixo no lado que presentaba menor dificultade e menos desniveis. E no caso das reformas da Rúa Pablo Iglesias, convén indicar que só foron posibles grazas á achega dos propios veciños.

A promesa de humanización do barrio aínda segue pendente de materializarse en actuacións concretas. Polo que chegou o momento de que os veciños reciban solucións aos seus problemas coa maior brevidade posible. Solucións que abarquen tanto os problemas máis complexos como os máis simples e de resolución máis sinxela. En definitiva, que se humanice o barrio dos Duráns. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa solicita ao Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Elaboración dun estudo – en cuxo planteamento se teñan en conta as aportacións da veciñanza - para a remodelación das beirarrúas e espazos urbanos de todo o barrio dos Duráns ao longo do ano 2.021. O obxectivo será que as medidas a poñer en marcha sexan executadas a partir do ano 2.022.

2. Actuacións a levar a cabo de forma urxente:

- Mellora na visibilidade das incorporacións viarias, como é o caso do cruce de Curros Enríquez

con Eduardo Pondal, mediante a colocación de espellos.

- Arranxo, limpeza e mantemento das beirarrúas en mal estado de conservación.
- Reubicación (e arranxo no seu caso) de todas aqueles postes de sinais ou de luz, especialmente as que dificultan o paso de cadeiras de bebés ou minusválidos.
- Conservación, mellora e mantemento dos contedores de lixo; así como retirada do lixo acumulado.
- Xestión da retirada dos valados (en coordinación coas compañías de seguros) que provocan dificultades na circulación e seguridade viaria.
- Acondicionamento da Travesía de Marxión.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a tomar medidas para a humanización do Barrio de Os Duráns.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos Marea da Vila (1) e Ciudadanos, e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a tomar medidas para a humanización do Barrio de Os Duráns.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210527&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200527&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200527&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200527&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social e control de aforo para a prevención do COVID-19, non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200527&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.